



ROJO

MAURO TRASTOY

Comisaria: MONSE CEA

Textos

MONSE CEA

Imaxes

MAURO TRASTOY

ROJO, MAURO TRASTOY

5/10/2017 21/1/2018

A Fundación Granell inaugurou a exposición *Rojo*, de Mauro Trastoy, o pasado día 5 de outubro. O proxecto foi comisariado por Monse Cea.

A mostra é o resultado da residencia que o artista tivo na Fundación entre os meses de marzo e setembro do presente ano.

O período de traballo de Trastoy na Fundación, serviu para destilar a esencia de dez anos de traballo do artista: un fértil período de reflexión que conforma un proxecto específico formado por tres instalacións.

Na montaxe, a obra realizada durante a residencia, irá acompañada dun pequeno grupo de pezas anteriores que mostran os camiños percorridos polo artista ata facelos cristalizar na súa obra actual.

Na mostra, o debuxo, alicerce de toda obra do artista, abandona o formato bidimensional para expandirse e adquirir un formato escultórico, a través de obras que cuestionan a distancia entre arte e artesanía.

No ano 2007 o artista sitúa o cambio de paradigma con respecto á súa obra anterior. Desleixándose do debuxo dixital, base da súa pintura, Trastoy opta por un debuxo que amplía o seu campo de acción utilizando técnicas ancestrais de traballo artesanal, como o tecido, a cestería ou a cerámica.

A exposición esta formada por varias instalacións realizadas con debuxos encarnados mediante o tecido de diversos materiais —arame, fitas adhesivas, fío de cáñamo...— ou por medio da cerámica.

O deseño da montaxe funcionará a modo de contedor, xunto cos valores destilados da propia institución museística, para forzar o carácter aberto de cada peza, partindo de premisa de que estamos ante obras de arte que poden adquirir diferentes entidades.

Rojo, excederá o seu espazo expositivo física e conceptualmente. De xeito simultáneo, a obra de Trastoy poderá verse no museo e na a súa web site baixo ópticas diferentes. O obxectivo deste desdoblamento é crear unha aproximación máis completa ao traballo do artista.





ROJO. CARA Á CARNE DO DEBUXO

Rojo, constitúe a crónica dun camiño de experimentación a través de novos materiais, novos xéneros, e mesmo baio una nova condición como profesional da arte.

Entre outras cuestións, a mostra convidaranos a reflexionar sobre as categorías académicas que aínda pesan sobre o artista e as súas producións, así como a apreciar todo a arte que nos rodea “a descubrir o marabilloso no cotiá”. E incidirá na valoración da arte popular e o das culturas ancestrais.

Outra de das achegas que singulariza esta exposición é acercarnos ao proceso creativo dun artista, no só baixo a perspectiva dos achados e erros, senón tamén sobre o proceso no que se confire a un obxecto a condición de obra de arte, *aurática*, peza de artesanía, u obxecto de uso cotiá.


No caso de Trastoy estas categorías da arte académico son provisionais, contínuas. Os obxectos producidos forman un todo dissociado en diferentes engraxes da

mesma maquinaria. A función e condición de moitos obxectos similares na súa forma, cambiará segundo o criterio do artista; así moitas das pezas servirán como elementos que xenaran o propio montaxe dentro da sala de exposicións.

Como exemplo, unha das instalacións, creada con contas de cerámica, ten aspecto de cortina permeable, pero funcionará a modo de elemento arquitectónico que xera espazos diferenciados.

Tradicionalmente, unha das funcións que adquire a cerámica cando acada a condición de modo de expresión plástico é cando se utiliza como arte mural, equiparándoa coa pintura ou co relevo escultórico. En *Rojo*, un muro negro pecha unha das salas.

Do negro, a non cor, a ausencia de luz, a anti -pintura, emerxen pezas de cerámica. Estas, alixeiradas na súa masa, son absorbidas como debuxos polo muro.



A perversión de categorías plásticas está presente en toda a montaxe: Realízanse xogos de escala entre pezas similares en forma e factura, que adoptan funcións diferentes en virtude da súa montaxe en sala. Os soportes clásicos da museoloxía tradicional como as peañas ou as vitrinas, son utilizados a tal efecto. O deseño da montaxe, funcionará a modo de contedor, xunto con valores destilados da propia institución museística, para forzar o carácter aberto de cada peza, partindo da premisa de que estamos ante obras de arte que poden adquirir diferentes entidades.

Realizando una sorte de fugaz visita guiada, a montaxe resólvese a modo de **tríptico**. No **panel central**, é protagonista unha instalación metonímica: unha acumulación ordenada de elementos diversos conforman una especie de crisálida que se auto ilumina, un todo perfectamente amalgamado de pezas diferentes realizadas en corda, cintas adhesivas, arame...

No **panel da esquerda**, os materiais e técnicas diferentes presentadas na instalación da primeira sala, desléixanse e singularízanse. Para este espazo deséñanse composicións que sinalan os camiños de ida e volta entre materiais técnicos, soportes e xéneros artísticos polos que ten transitado o artista para crear a súa obra actual.

Atoparémonos moldes para cacharros de cerámica, incursións na cestería, retículas de arame formando vaixelas imaxinadas, pulseiras de arame e fio de cáñamo, arquitecturas posibles a escala maqueta, arames encarnados en obxectos luminosos... e mesmo un elemento que remite ao abandono da cor.

O **panel da dereita** é xerado polo muro cerámico ante mencionado. Detrás, a viaxe do artista recalca en pezas de cerámica con forma de obxectos de uso cotiá, expostos como escultura de pequeno formato. Todo o conxunto, está acompañado dun elemento que nos devolve ao percorrido circular da mostra, un grupo compacto de obxectos creados con arame, colgados do muro, materialízanse na súa sombra, esencialízanse no seu pictograma, debúxanse...



DO CORPO NARRADO AO CORPO PRESENTE

Dende que os deseños de Mauro Trastoy, base indiscutible do seu traballo como *pintor*, comezan a fuxir da súa superficie bidimensional –papel, cadro, pantalla do ordenador ou muro– para materializarse por medio de cartóns, cordas, fitas..., a súa obra comeza unha viaxe no que a acoutamento do baleiro, mediante este debuxo liberado e encarnado, levaralle cara á cerámica como estadio último do seu traballo na actualidade.

Trastoy emprende, hai dez anos, unha viaxe que persigue a creación dun arte esencializado, exento de narración literaria e imbricado cara os valores do traballo artesanal .

A traxectoria do artista, arranca a mediados dos anos noventa, grosso modo, con unha produción claramente debedora da tradición do *Pop art*, da que realiza unha interpretación moi persoal, tanto do seu universo formal como dos seus presupostos conceptuais. Crea unha obra que se fornece de acontecementos concretos da súa vida persoal, reinterpretados servíndose de fórmulas literarias coma os heterónimos ou remítíndose a fábulas e contos populares.

Tratase dunha obra que podemos cualificar como pictórica, e sempre *figurativa*, que ten coma matriz a liña *acompañada* de cor .Son pezas caracterizadas por producir superficies planas, onde se borra a pincelada, non hai representación da luz nin de claro escuro. Todo isto formalízase mediante creacións que imitan a textura da imaxe referencial do pop, a imaxe reproducida, antes impresa e agora dixital.

Xa pola década mileniam, os deseños de Trastoy comezan a saírse do plano ortogonal nas seguintes propostas expositivas: *Bésame antes de morir* (2004), *O recolector de mans* (2005) e *El chico de los huevos de oro* (2006); a mais das intervencións específicas realizadas durante o ano 2007: *De tripas corazón*, *Rara Avis* e *1.388.253 puntos*

Nestas producións, algúns debuxos desbordan o plano de representación tridimensional do cadro ou do muro, para materializarse nalgunha das súas partes. Por veces, sen desligarse da parede, a obra incorpora



a habitacional da arquitectura, engadindo certos valores específicos de cada espazo a intervir.

Na peza *De Tripas Corazón*, realizada no Pazo de Bendaña, sede da Fundación Grannell, o deseño envolve o marco arquitectónico, subliñando os elementos orixinais do edificio .

Na peza *Rara Avis*, é o debuxo da planta e o alzado da Igrexa da Universidade, o que funciona a modo de acoutamento do seu plano de representación.

O proxecto, subliña con forza a la planta cruciforme do edificio mediante dous monumentais *liñas* vermellas. No tocante ao alzado, elixe salientar un significativo elemento da igrexa barroca, o *rompemento de gloria*; unha fiestra circular situada enriba do sagrario no el altar maior. O Espírito Santo, una das formas do Deus católico, é representado a modo de pomba en voo atravesada por raios de luz.

Como en obras anteriores, ante un relato dado, ante as imposicións da realidade, crea un relato paralelo a través dunha sorprendente resolución formal. O motivo mencionado, extraese do muro para materializarse nun monstruoso tondo situado no cruceiro. Aquí a pomba de alas estendidas, transmutase nun humanizado e cinematográfico *plano americano* dun paxaro, con sangue no pico. O estudo da luz e esencial nesta peza.

PUNTOS DE ARRIBADA

No ano 2007 o artista sitúa o cambio de paradigma con respecto á súa obra anterior. Dende o debuxo dixital, base da súa pintura, Trastoy opta por un deseño que amplía o seu campo de acción a través de técnicas ancestrais de traballo artesanal, coma o tecido, a cestería ou a cerámica.

Mesmo creará baixo unha nova condición como profesional da arte, como *artesanista*; irónica categoría creada para desbarata a oposición convencional en Occidente, entre arte e artesanía. Na *arte oficial* aínda perviven adherencias academicistas.


No considerado *grande arte*, non teñen cabida as producións tipificadas como artes decorativas, malia á débeda que dende as vangardas históricas, ata a arte actual, temos coas culturas que non distinguen entre artesáns/ as e artistas.

A partir de este momento e durante estes dez anos, Trastoy traballa a un tempo en obras que se expoñen tanto en espazos circunscritos a *obra de arte* como noutros destinados a *artesanía e deseño*, conferíndolles o artista, a todas elas, a mesma entidade.

O debuxo, outrora sino de representación de *narracións* e que bebía das estéticas da banda deseñada, as series de televisión ou a infografía., agora intenta representarse a si mesmo. A liña adquire materialidade, movemento, aparece como sombra, e desmaterialízase na luz, en definitiva convertese en obxecto escultórico.

Unha das estacións senlleiras da viaxe emprendida polo artista, será o Museo do Home de París, durante o ano 20012. Alí, como os artistas das primeiras vangardas, descubre valores na arte das culturas ancestrais que lle abrirán un novo horizonte na súa traxectoria artística. A honestidade que reflicten as pezas de cerámica, ebanistería, cestería... que contempla, apuntalan o seu desexo de traballar como un artesá e crear como un artista.

Son novas referencias para o seu traballo actual as pezas cargadas de *memoria do facer* de Tony Cragg, o *bodegón infinito* de Giorgio Morandi ou a idea de artesanía como arte mental das obras de Joshua Macelheny..



CORPO COMO METRÓNOMO E SINTAGMA

Logo dun tempo de intensa experimentación, no que de xeito gradual vai perdendo peso a investigación sobre a representación da emoción humana, tendo como referencias as imaxes dos *mass media* o artista vai debullando unha obra diferente.

A referencia ao corpo humano, presente en toda a súa traxectoria, non se consegue no presente con estratexias próximas á narración, senón mediante a acción mesma de ocupar o tempo vital facendo arte.

A forte pulsión emocional coa que se xera a obra do autor, fai agora que o ritmo da obra sexa marcado polo corpo do artista, exercendo este como metrónomo e sintagma a un tempo.

Até este momento, a acción de crear era arrefriada por mecanismos informáticos que borraban toda pegada de xestualidade no proceso de conformación da obra. As creacións de Mauro Trastoy eran tipificadas polo autor como un conxunto de pezas finitas, sempre cinguidas a un soporte máis ou menos ríxido.

Aínda que toda creación de Trastoy, pode dicirse que é contida por una sutil rede orto-

gonal –para a obra bidimensional e de *maquina de puntos* para a obra tridimensional–, agora a pegada artesanal consegue abrirse camiño a través destas estruturas aínda presentes, mais hoxe en día non constrictoras. Agora as estruturas fanse visibles e o esqueleto das obras constitúe o principio e a fin das producións.

As pezas xorden agora sobre unha base de tempo e espazo baleiros, onde mediante os xestos precisos do artesá, vaise creando un entabado *cuasi* biolóxico, onde as pezas emerxen como liñas que se van engarzando unhas con outras nun baile sen límites.


Derivada do proceso de abandono de determinados referentes, da liberación da emoción e da emerxencia do corpo físico do artista en troques do corpo virtual xerado por ordenador; da valoración de ideas como a espontaneidade, o azar ou a necesidade de elevar a praxe artística a oúnico xeito de vida posible... ábrese un frutífero horizonte que leva a Trastoy cara a unha obra contextual, experimental, sensual e infinita: en definitiva, aberta.


Monse Cea. Comisaria de *Rojo*.



















Ferrol, 1971 / www.trastoy.com

Datos na súa formación

Licenciado en BBAA pola universidade de Salamanca, 1995

Estancia na K nsthochshule de Kassel (Kassel, Alemania).

Beca Erasmus, 1994.

Beca de residencia no Kulturmodell (Passau, Alemania), 2006.

Artista en residencia. Fundaci n Granell (Santiago de Compostela), 2017.

Obra en coleccións p blicas e privadas

Colecci n CGAC (Centro galego de arte contempor nea). Santiago de Compostela

Colecci n Norte. Deputaci n de Cantabria

Colecci n Litonor. Santiago de Compostela

Escolma de mostras individuais 2007/ 2017

2017

Rojo. Fundaci n Eugenio Granell (Santiago de Compostela, A Coru a)

2016

There is a crack in everything. La Doce (Boiro, Pontevedra)

Algoritmo. O Ant doto (Santiago de Compostela, A Coru a)

2013

Artesanista. Galer a Espazo enbranco (Santiago de Compostela, A Coru a)

Degrad . Aire Centro de Arte (Santiago de Compostela, A Coru a)

2012

1+1+1+. FAC Peregrina (Santiago de Compostela, A Coru a)

2009

Un dibujo (II). Galer a Sargadelos (A Coru a)

2008

Un dibujo. Galer a Espacio 48 (Santiago de Compostela, A Coru a)

2007

1.388.253 puntos. Zona "C" (Santiago de Compostela, A Coru a) (cat.)

Escolma de mostras colectivas 2007/ 2017

2017

S/T (Probos de material para froiteiro). DIDAC, Instituto do Dese o e das Artes Contempor neas, (Santiago de Compostela)

2016

Fisuras na vitrina. Abrindo a sala do tesouro. Museo Provincial de Lugo (Lugo)

2015

Coletiva Margem. Armaz n (Porto, Portugal)

2014

Hospitalidade. Obras da Colección CGAC. CGAC (Santiago de Compostela, A Coruña)
Premio Intl. de Gráfica Máximo Ramos 2014. Centro Torrente Ballester (Ferrol, A Coruña)
(Accesit)
Mobilia. Amoblar os baixos dunha fundación. Fundación Vicente Risco (Allariz, Ourense)
Corpo(a)terra. IV festival de danza e artes do corpo (Ourense)

2013/14

O bosque do mundo. MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo) / Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) / Fundación Luis Seoane (A Coruña)

2012

Antes e despois (continuación). Galería Espacio 48 (Santiago de Compostela)

2011

VII Premio Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela, A Coruña)
#negro. Espacio de intervención cultural NORMAL (A Coruña) Litonor_arte: edición. Igrexa da Universidade (Santiago de Compostela) FAC peregrina (Santiago de Compostela)
Converxencias. Centro de Cultura Antigo Instituto (Gijón, Asturias)
Propuestas para una colección II. Galería Marisa Marimón (Ourense)
Espacio Atlántico. Stand galería Marisa Marimón. IFEVI (Vigo)

2010

11 Mostra Internacional Gas Natural Unión Fenosa (A Coruña)
Arte Santander 2010. Stand galería Marisa Marimón (Santander)
Espacio Atlántico. Stand galería Marisa Marimón. IFEVI (Vigo)

2009

VI Premio Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela, A Coruña)
Arte Santander 2009. Stand galería Marisa Marimón (Santander)
Doble óptica. (con Iván Prieto). Galería Marisa Marimón (Ourense)
Art-Madrid 09. Stand galería Marisa Marimón (Madrid)
Arte Lisboa 09. Stand galería Marisa Marimón (Lisboa)

2008

Arte Lisboa 08. Stand galería Marisa Marimón (Lisboa)
Art Salamanca 08. Stand galería Marisa Marimón (Salamanca)
Arte Santander 2008. Stand galería Marisa Marimón (Santander)
Gracias por su visita. Galería Espacio 48 (Santiago de Compostela)

2007

V Premio Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela, A Coruña)
O debuxo por diante. CGAC (Santiago de Compostela, A Coruña)
Paper-back. Ediciones baratas. MARCO (Vigo).

MAUROTRASTOY